

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e varias entidades colaboradoras, para a implantación da modalidade de formación profesional dual na formación profesional básica no IES de Sabón.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de dous mil dezaseis

REUNIDOS

Dunha parte, don _____, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta consellería e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, don _____, en nome e representación da sociedade “FERROATLANTICA, SAU”, segundo consta no poder outorgado ante o notario don _____, con data 8 de setembro de 2009 e número de protocolo 1918.

Don _____, en nome e representación da sociedade civil “ALCELEC, SC”, segundo consta no documento privado de constitución da sociedade civil.

Don _____, con DNI _____, titular do establecemento comercial “ELECTRICIDAD ALEMI”.

Don _____, con DNI _____, titular do establecemento comercial “REEL”.

Don _____, en representación da compañía mercantil “ELECTRICIDAD INSCABE SL”, segundo consta no poder outorgado ante o notario, _____, con data 22 de xaneiro de 2009 e número de protocolo 125.

Don _____, en representación da sociedade “M. CASAL GONZÁLEZ ELECTRICIDAD, SL”, segundo consta no poder outorgado ante o notario don _____, con data 28 de decembro de 2007 e número de protocolo 5224.

Don _____, en representación da sociedade mercantil “RINSTELEC INSTALACIONES ELECTRICAS, SL”, segundo consta no poder outorgado ante o notario don _____, con data 21 de xuño de 2016 e número de protocolo 839.

Dona _____, con DNI _____, titular do establecemento comercial “ELINTELUZ”.

Dona _____, con DNI _____, en representación de “PROSEGUR COMPAÑÍA DE SEGURIDAD, SA”.

Don _____, en nome e representación da sociedade mercantil “MOBAL ATLANTIC, SLU”, segundo consta no poder outorgado ante o notario don _____, con data 27 de xuño de 2014 e número de protocolo 923.

Dona _____, con DNI _____, titular do establecemento comercial “MODA INFANTIL REBULIR”.

Dona _____, en representación da entidade mercantil “MERCARTABRIA SL”, segundo consta no poder outorgado ante o notario don _____, con data 4 de novembro de 2010 e número de protocolo 1589.

Don _____, en representación da sociedade “SISTEMAS ELECTROACÚSTICOS ARTEIXO, SL”, segundo consta no poder outorgado ante o notario don _____, con data 12 de xuño de 1997 e número de protocolo 918.

Don _____, en representación da sociedade “COMERCIAL BALBOA ÁLVAREZ, SL”, segundo consta no poder outorgado ante o notario don _____, con data 4 de xuño de 2013 e número de protocolo 855.

Don _____, en representación da sociedade mercantil “PROGANDO, SL”, segundo consta no poder outorgado ante o notario don _____, con data 23 de xaneiro de 2004 e número de protocolo 201.

Don _____, en representación da empresa “ESPIÑEIRA MENAXE, SL” segundo consta no poder outorgado ante o notario don _____, con data 24 de setembro de 2009 e número de protocolo 2219.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

1º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 39 que a formación profesional no sistema educativo ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poden producir ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática, e permitir a súa progresión no sistema educativo e no sistema de formación profesional para o emprego, así como a aprendizaxe ao longo da vida.

2º. Que a citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 42 bis que a formación profesional dual do sistema educativo español é o conxunto de accións e iniciativas formativas que, en corresponsabilidade coas empresas, teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, harmonizando os procesos de ensino e aprendizaxe entre os centros educativos e os centros de traballo.

3º. Que a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, especifica nos artigos 6 e 11.3 que a colaboración das empresas no desenvolvemento do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional se desenvolverá, entre outros ámbitos, mediante a súa participación na formación do alumnado nos centros de traballo, favorecendo a realización de prácticas profesionais dos alumnos e das alumnas nas empresas e noutras entidades, e deberán establecerse os mecanismos axeitados para que a formación que reciba financiamento público poida ofre-

cerse por centros ou directamente polas empresas, mediante concertos, convenios, subvencións ou outros procedementos.

4º. Que a disposición adicional sétima do Real decreto 127/2014, do 28 de febreiro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo, se aproban catorce títulos profesionais básicos, se fixan os seus currículos básicos, establece que ata o momento en que se desenvolva a formación profesional dual do sistema educativo establecida no artigo 42.bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a modalidade de formación profesional dual nos ciclos formativos de formación profesional básica se realizará de acordo co establecido para o sistema educativo no Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.

5º. Que o Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, pretende crear as bases para a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación, propiciando unha participación máis activa das empresas no propio proceso formativo do alumnado e, daquela, permitindo que estas coñezan de xeito máis próximo a formación que reciben, cada vez máis adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas. Neste sentido, as empresas e o centro de formación profesional estreitan os seus vínculos, unen esforzos e favorecen unha maior inserción do alumnado no mundo laboral durante o período de formación. Así mesmo, establece que terán a consideración de formación profesional dual os proxectos desenvolvidos no ámbito do sistema educativo, coa coparticipación dos centros educativos e das empresas, cando non medie un contrato para a formación e a aprendizaxe. Estes proxectos formalizaranse a través dun convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as empresas colaboradoras.

6º. Que o artigo 18 do Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos, indica que a formación profesional dual constitúe unha modalidade da oferta dos ciclos de formación profesional bási-

ca. Esta modalidade formativa ten por obxecto a cualificación profesional dos alumnos e das alumnas nun réxime de alternancia de actividade laboral nunha empresa ou institución coa actividade formativa recibida no marco do sistema educativo. A formación inherente a esta modalidade será a necesaria para a obtención do título profesional básico correspondente, sen prexuízo de poder incluír formación complementaria para dar resposta tanto ás necesidades do alumnado como ás necesidades das empresas.

Adicionalmente, no artigo 20 establécese que a formación profesional básica pola modalidade de formación profesional dual poderá ser impartida nos centros docentes autorizados pola consellería con competencias en materia de educación.

7º. Que as entidades colaboradoras asinantes deste convenio están dispostas a participar na implantación da formación profesional dual na formación profesional básica no IES de Sabón, acolléndose á modalidade regulada no artigo 3.1, alínea b), do Real decreto 1529/2012 -formación coa participación da empresa-, na que esta lles facilita aos centros de formación os espazos, as instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos.

8º. Que o obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as entidades colaboradoras asinantes do convenio para a implantación da formación profesional dual na formación profesional básica no IES de Sabón. Esta formación profesional dual combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións das entidades colaboradoras, e no centro educativo.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Este proxecto de formación profesional dual ten carácter experimental e ten as seguintes características:

- a. Este proxecto toma como referencia os currículos de Servizos Comerciais e de Electricidade e Electrónica implantados na comunidade autónoma de Galicia polo Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das

ensinanzas de formación profesional dos sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

- b. Terá como duración os cursos escolares 2016-2017 e 2017-2018, segundo a distribución de días lectivos incluídos no calendario escolar aprobado para cada curso.
- c. A distribución dos módulos por curso será a establecida no antedito Decreto 107/2014, do 4 de setembro.
- d. No horario semanal da actividade formativa, dous días estarán reservados para que o alumnado acuda ao IES de Sabón e tres días ás entidades colaboradoras.
- e. A permanencia do alumnado nas entidades colaboradoras deberá desenvolverse dentro do marco temporal do horario laboral desta, sen superar as oito horas diarias e as corenta semanas.
- f. A titoría e a docencia dos módulos de Comunicación e sociedade I e II, e de Ciencias aplicadas I e II terán lugar no IES de Sabón.
- g. O resto dos módulos profesionais impartiranse de xeito compartido entre o centro educativo e as entidades colaboradoras asinantes, garantindo a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos nos currículos dos ciclos formativos.
- h. Ademais, atendendo ás características da empresa, incorpórase, de ser o caso, formación complementaria á establecida no currículo do ciclo formativo correspondente, para reforzar a formación do alumnado e mellorar a súa empregabilidade.

Segunda. Cada empresa asinante deste convenio comprométese a acoller nas súas instalacións alumnado matriculado en formación profesional básica no IES de Sabón, coa distribución de prazas do anexo.

Terceira. O alumnado participante non terá en ningún caso vinculación laboral coa empresa e non poderá establecerse entre esta e aquel ningunha relación contractual. En calquera caso, segundo o artigo 33 do Real decreto 1592/2012, do 8 de novembro, as entidades colaboradoras participantes poderán achegar bolsas ao alumnado matriculado nos ciclos formativos.

Cuarta. Consonte o artigo 30.5 do Real decreto 1592/2012, do 8 de novembro, a actividade formativa na empresa e no centro educativo coordinarase mediante reunións mensuais de control nas que se fará seguimento do alumnado. Cada empresa asinante deste convenio nomeará unha persoa como

titor ou titora do alumno ou da alumna, que será responsable do seguimento das actividades formativas que previamente fosen acordadas co centro educativo, da coordinación da actividade profesionalizadora coa actividade formativa e da comunicación co centro de formación.

Así mesmo, o centro formativo designará para cada ciclo formativo un profesor ou unha profesora, como titor ou titora responsables do seguimento da programación e da súa revisión, se for necesario logo de iniciado o período de formación, así como da coordinación da avaliación co profesorado e/ou os titores e as titoras que interveñen. Ademais, esta persoa será a interlocutora coa empresa para o desenvolvemento do proxecto.

Quinta. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria garantirá que, con anterioridade ao comezo do período de formación na empresa, o alumnado teña adquiridas as competencias e os contidos relativos aos riscos específicos e ás medidas de prevención nas actividades profesionais correspondentes ao perfil profesional de cada título profesional básico, segundo se requira na normativa en materia de prevención de riscos laborais.

Sexta. Calquera eventualidade de accidente que se puidese producir será recollida pola normativa vixente en materia de seguro escolar e polos estatutos de mutualidade de tal seguro; todo iso sen prexuízo da póliza que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poida subscribir como seguro adicional para mellorar a indemnización, cubrir danos a terceiros ou responsabilidade civil.

Sétima. Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes. Esta comisión estará constituída polos seguintes membros:

En representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Formación Profesional ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da dirección do IES de Sabón.
- O profesor titor ou a profesora titora de cada ciclo formativo.

Unha persoa representante de cada empresa asinante deste convenio.

Un funcionario ou unha funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria actuará como secretario ou secretaria.

Oitava. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Novena. Este convenio extinguirase pola finalización do tempo convindo e poderase resolver por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar á outra cunha antelación mínima de quince días, baseada nalgunha das seguintes causas:

- a. Cesamento das actividades do centro docente ou da empresa.
- b. Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- c. Incumprimento das cláusulas establecidas neste convenio.
- d. Mutuo acordo entre o centro docente e a empresa.

En calquera caso, se algunha empresa ou institución cesa a súa actividade ou denuncia o convenio, este poderá subsistir coas demais partes asinantes.

Décima. Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 4.1 e 2 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e co Real decreto 1720/2007, polo que se aproba o regulamento polo que se desenvolve a citada lei orgánica, nin o alumnado nin a empresa que por razón das actividades formativas teñan acceso a datos de carácter persoal disporán destes con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Lido este convenio, atópano conforme e asínano no lugar e na data indicados.

O conselleiro de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria

Asdo.:

O representante da sociedade
“FERROATLANTICA, SAU”

O representante da sociedade civil
“ALCELEC SC”

Asdo.:

O titular do establecemento comercial
“ELECTRICIDAD ALEMI”

Asdo.:

O titular do establecemento comercial
“REEL”

Asdo.:

O representante da compañía mercantil
“ELECTRICIDAD INSCABE SL”

Asdo.:

O representante da sociedade
“M. CASAL GONZÁLEZ ELECTRICI-
DAD, SL”

Asdo.:

Asdo.:

O representante da sociedade mercantil
“RINSTELEC INSTALACIONES ELEC-
TRICAS SL”

A titular do establecemento comercial
“ELINTELUZ”

Asdo.:

A representante de
“PROSEGUIR COMPAÑIA DE SEGURI-
DADE, SA”

Asdo.:

O representante da sociedade mercantil
“MOBAL ATLANTIC, SLU”

Asdo.:

A titular do establecemento comercial
“MODA INFANTIL REBULIR”

Asdo.:

A representante da entidade mercantil
“MERCARTABRIA, SL”

Asdo.:

O representante da sociedade
“SISTEMAS ELECTROACÚSTICOS AR-
TEIXO SL”

Asdo.:

O representante da sociedade
“COMERCIAL BALBOA ÁLVAREZ SL”

Asdo.:

Asdo.:



XUNTA
DE GALICIA

O representante da sociedade mercantil

“PROGANDO, SL”

O representante da empresa

“ESPIÑEIRA MENAXE, SL”

Asdo:

Asdo.:



1. ANEXO

1.1 Distribución de postos de formación por empresa e por ciclo de formación profesional básica

Empresa	Ciclo formativo	
	Electricidade e Electrónica	Servizos Comerciais
FERROATLANTICA, SAU	1	
ALCELEC, SC	1	
Alejandro Novo González “Electricidad ALEMI	1	
Juan Francisco Muñiz Arijón “REEL”	1	
ELECTRICIDAD INSCABE, SL	1	
M. CASAL GONZÁLEZ ELECTRICIDAD, SL	2	
RINSTELEC INSTALACIONES ELECTRICAS, SL	1	
Alba Paz Rodríguez, “ELINTELUZ”	1	
PROSEGUR COMPAÑÍA DE SEGURIDAD, SA	1	1
MOBAL ATLANTIC, SLU		1
Anabel Torres Salgado, “MODA INFANTIL REBULIR”		1
MERCARTABRIA SL		3
SISTEMAS ELECTROACÚSTICOS ARTEIXO, SL		1
COMERCIAL BALBOA ÁLVAREZ, SL		1
PROGANDO, SL		1
ESPIÑEIRA MENAXE, SL		1
TOTAL	10	10